



R incorpora un equipo especializado en Inteligencia Artificial para apoiar as empresas galegas na aplicación destas tecnoloxías

- **Dentro da área de negocio Empresas, o operador galego e todo o Grupo Euskaltel incorporaron un equipo de traballo especializado no uso de ferramentas e desenvolvemento de solucións de Inteligencia Artificial.**
- **Trátase da iniciativa BAI Analytics, que desenvolverán expertos profesionais preparados para cubrir as necesidades comerciais, tecnolóxicas e científicas desta nova capacidade para as empresas**

Luns, 8 de xuño de 2020. R incorporou á súa área de Empresas un equipo de traballo especializado no uso de ferramentas e desenvolvemento de solucións de Inteligencia Artificial (IA) que lles permitirá comezar a ofrecer directamente servizos de valor engadido de Inteligencia Artificial, orientados a impulsar os negocios dos clientes de empresa e aumentar o catálogo de servizos dos que xa gozan.

BAI Analytics é a denominación da nova iniciativa, que xa está a traballar co foco posto en satisfacer unha das principais necesidades das organizacións empresariais: obter valor e manter a súa competitividade mediante o uso das últimas ferramentas e técnicas de datos a un prezo accesible.

Integrado por profesionais especializados, este novo grupo nace para cubrir as necesidades comerciais, tecnolóxicas e científicas desta nova capacidade nas empresas, achegando experiencia e coñecemento das mellores prácticas na construción, posta en marcha e xestión de análises sofisticadas co obxectivo de incrementar os ingresos das empresas clientes, aumentar a súa eficiencia, mellorar a experiencia co cliente e xestionar eficazmente o risco da organización.

R xa conta cunha ampla carteira de clientes que se están a beneficiar de solucións baseadas na IA con experiencias de éxito, que son as que moveron o operador de

telecomunicacións a dar un novo paso e acometer de forma específica esta actividade, mostrándose como un “actor” principal no ecosistema da IA, sendo capaz de ofrecer un paquete de servizos “de extremo a extremo” mediante o uso de solucións de *cloud* internas e plataformas como Microsoft Azure ou DataRobot.

Proposta de valor para todas as empresas

Nos últimos anos, a Intelixencia Artificial (IA) está a abrir novos camiños á hora de mellorar modelos operativos empresariais. Neste contexto, hai que resaltar que o custo de implantar solucións de IA para as organizacións era alto, e para a maioría, excepto para os máis grandes, inalcanzable, xa que desenvolver e implantar IA de maneira efectiva requiría un enorme investimento en plataformas, ferramentas e equipo de persoas, cun coñecemento específico, que soubese como usalas.

Segundo unha investigación realizada por McKinsey ([Estudo McKinsey](#)) sobre a implantación da Intelixencia Artificial, “a vantaxe de ser o primeiro en aproveitar esta tecnoloxía amplifícase: aqueles que avanza coa IA probablemente se manteñan á vangarda”. Parece que non é demasiado tarde: a mesma investigación observa que dúas de cada tres empresas aínda non realizaron modelos baseados en IA.

Afortunadamente, isto mudou. A tecnoloxía progresou ata o punto en que a gran maioría de organizacións poden construír e despregar a súa IA de forma segura, rápida e de maneira rendible, sen un custo de entrada enorme.

R está a traballar xa para poder incorporar esta tecnoloxía, comezando por facelo internamente. Para iso, **BAI Analytics** está a desenvolver solucións de xeito interno co obxectivo de que a súa experiencia sirva de exemplo para os seus clientes de Empresa.

Para Isidro Fernández de la Calle, Director de Empresas de **R** e do Grupo Euskaltel, “o que diferenciará os gañadores e perdedores agora non son os mellores científicos de datos ou os mellores datos, ou mesmo a tecnoloxía máis sofisticada, senón a capacidade de aproveitar estas tecnoloxías da mellor maneira para resolver un maior número de problemas que lles dean os maiores impactos nas súas contas de resultados. Por esta razón creamos unha nova iniciativa centrada en Intelixencia Artificial”.

Mediante o uso de iniciativas de Intelixencia Artificial, **BAI Analytics** argumenta que se poden obter grandes resultados para o negocio a través dunha aplicación correcta de casos de uso ou mesmo aplicando casos de uso xa existentes, con este tipo de tecnoloxía. Desta maneira, é posible detectar un impacto no negocio, que lle permita a calquera compañía manter os seus niveis de competitividade na industria.

comunicación R
prensa@mundo-r.net